



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DE TEO

1. OBXECTO E NATUREZA DO CONTRATO.

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de **ASISTENCIA TÉCNICA QUE TEN POR OBXECTO A REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DE TEO**, enmarcadas no “Programa de axudas para a renovación das instalacións de alumeado exterior municipal”, de acordo coa convocatoria publicada no BOE nº 107, de 5 de maio de 2015, e coa Resolución do Consello de Administración do IDAE de data 20 de decembro de 2016, pola que se concede a axuda solicitada polo concello de Teo. Expdte. nº 2017/S-4.

O contrato ten natureza de contrato administrativo de servizos, de acordo co artigo 10 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), categoría 12, codificación CPV-71000000-8.

O procedemento de contratación rexerese polos Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, que se incorporan ao expediente, e para o non previsto en ditos Pregos, estarase ó disposto no TRLCSP, no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no vixente Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e demais normativa de aplicación.

O contrato de asistencia inclúe a redacción do proxecto de obra e a dirección facultativa da execución das obras, así como o asesoramento e elaboración de documentación e memoria necesaria para a xustificación da axuda ante o IDAE, todo elo conforme ao contido do Prego de condicións técnicas.

A dirección facultativa quedará condicionada á adxudicación do contrato de obras que, no seu caso, se adxudique sobre a base do proxecto aprobado.



2. PREZO DO CONTRATO.

O prezo de licitación do presente contrato é de sesenta e cinco mil novecentos corenta e cinco mil euros (65.945,- €), IVE engadido (54.500,- € de valor estimado do contrato mais 11.445,- € de IVE).

Os licitadores realizarán a baixa que estimen pertinente sobre o prezo fixado como tipo de licitación, debendo figurar o IVE como partida independente, de conformidade co establecido no artigo 145.5 do TRLCSP.

O contrato financiarase, cargo á partida orzamentaria 2017 165/633.00 do orzamento municipal vixente.

Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen todos os gastos, directos e indirectos, que o contratista deba realizar para a execución do obxecto do contrato e os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

O prezo do contrato abonarase ao adxudicatario fraccionado en catro pagos, previa presentación da correspondente factura, que deberá ser conformada polo concelleiro de urbanismo e fiscalizada por intervención, e que se emitirán do seguinte xeito:

- 10 % do prezo de adxudicación á formalización do contrato.
- 50 % do prezo de adxudicación á entrega do proxecto de execución.
- 20 % do prezo de adxudicación á data de sinatura da acta de recepción das obras.
- 20 % do prezo de adxudicación tras a correcta xustificación da realización da actuación, conforme á base décimo terceira da Resolución de 28 de abril de 20015, do IDAE.

3. DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será o tempo necesario ata a total finalización dos traballos relacionados coa liquidación da obra e a correcta xustificación da realización da actuación, ante o IDAE.

O prazo para a entrega do proxecto de execución será de 60 días naturais desde a formalización do contrato.



A prestación de dirección de obra comezará ao día seguinte de que a entidade contratante de orde en dito sentido e, en todo caso, coa sinatura da acta de reformulo da obra e inicio da mesma.

4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, con varios criterios de valoración, no que todo empresario/a poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de conformidade co establecido no artigo 157 e seguintes da TRLCSP.

Para a valoración das proposicións, teranse en conta os criterios que se establecen na cláusula 9 do presente Prego, que determinarán a oferta economicamente máis vantaxosa.

5. REVISIÓN DO PREZO

O prezo do contrato non poderá ser obxecto de revisión, polo que non se aplicará ningunha fórmula de revisión de prezos.

6. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PERFIL DO CONTRATANTE

Considerando que, de acordo coa establecido no artigo 16.1.b) do TRLCSP, o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, o procedemento ao que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante (art. 142 e 53 do TRLCSP).

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación a través de internet no perfil do contratante www.teo.gal

7. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean



comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

As proposicións presentaranse no rexistro xeral do Concello, travesía da Ramallosa, nº 38, CP 15886 Teo, de nove a catorce horas, no prazo de 15 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín oficial da provincial.

Así mesmo as proposicións poderán presentarse por correo ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As proposicións que se presenten conforme ao apartado anterior deberán xustificar, ante o órgano de contratación, a data de presentación dentro do prazo de presentación de proposicións, e anunciar a súa remisión dentro do mesmo día, non será admitida ningunha proposición que non cumpra ambos requisitos. En todo caso non se terán en conta as proposicións que non se reciban no Concello dentro dos seis días naturais seguintes á finalización do prazo de presentación.

Cada licitador non poderá presentar mais de unha proposición, nin poderá asinar ningunha oferta en unión temporal con outros, se presentou proposición individual, nin figurar en mais dunha unión temporal.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional, por parte do licitador, dos Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen a contratación.

Os licitadores deberán presentar a documentación esixida en documentos orixinais ou copia debidamente cotexada.

As proposicións presentaranse en tres sobres pechados, **A**, **B** e **C**, cerrados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, nos que se indicará a razón social e denominación da entidade, debendo figurar nos mesmos a inscrición: "PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDUREMTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN



FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DE TEO”

SOBRE A”, titulado “Documentación administrativa”, incluirá:

- a) Documentación acreditativa da personalidade do licitador e capacidade de obrar:
- Cando se trate de empresario individual: fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou documento que o substitúa, da persoa que presente a proposición.
 - Cando se trate de persoa xurídica: escritura de constitución, e modificacións no seu caso, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade debidamente inscritos no correspondente rexistro oficial. Aportarase así mesmo fotocopia da tarxeta de identificación fiscal.
 - Cando se trate de empresas comunitarias: a capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro que proceda de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidas ou mediante declaración xurada ou certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación..
 - Cando se trate de empresas non comunitarias: as empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Así mesmo deberán presentar un informe de reciprocidade no que se faga contar que o estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración de forma substancialmente análoga. Ademais será necesario que acrediten que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

b) Documento que acredite a representación.

Os licitadores que non actúe en nome propio ou cando se trate dunha sociedade ou persoa xurídica, deberá presentarse copia notarial do poder de



representación, bastantado pola Secretaría do Concello.

Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.

Os licitadores deberán presentar unha declaración responsable de que a empresa non se encontra en ningunha das circunstancias de prohibición de contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP, e que incluírá a declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de acordo co modelo que se indica:

*D/D^a..... con DNI..... e domicilio en
provincia de rúa nº..... en nome propio ou en
representación da entidade....., CIF á que
representa no procedemento de adxudicación para a contratación do servizo de
ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E
DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO
PÚBLICO EXTERIOR DE TEO, declara que nin a entidade nin os seus
administradores, representantes ou órganos de dirección están incursos en
prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do
TRLCSP*

*Así mesmo declara que a entidade está ao corrente do cumprimento das obrigacións
tributarias e coa Seguridade Social.*

(Lugar, data e firma do proponente)

d) Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

- 1) A solvencia económica e financeira, de acordo co establecido no artigo 75.1.a) do TRLCSP, en relación co artigo 11.4.a) do Regulamento da Lei de contratos, acreditarase, polo volume anual de negocios do licitador, no ámbito material relativo ao contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos anos, que deberá ser ao menos de unha vez e media o valor anual medio do contrato, e que deberá acreditarse mediante a presentación das contas anuais aprobadas tal como establece o citado artigo 11.4.a).



2) A solvencia técnica ou profesional acreditarase, de acordo co establecido no artigo 78.1 do TRLCSP, en relación co artigo 11.4.b) do Regulamento da Lei de contratos, polos seguintes medios:

- a) Unha relación dos principais servizos realizados nos últimos cinco anos, da mesma natureza á que corresponde o obxecto do contrato, que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. Considerase que o licitador ten suficiente solvencia técnica cando o importe anual acumulado, no ano de maior volume de contratos, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato, tendo en conta que se entenden como traballos relacionados co obxecto do contrato a realización de auditorías e proxectos de alumeado público en concellos.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato

Achegarase relación completa do persoal que se compromete a adscribir ó contrato, especificando a vinculación existente co licitador (colaborador, persoal de plantilla, etc..) así como a súa titulación e a dedicación do mesmo de xeito individualizado na realización dos traballos a acometer, indicando a súa participación na execución de traballos similares aos do contrato. En concreto, esíxese con carácter mínimo o seguinte persoal cos seguintes requisitos de titulación e experiencia:

- Un enxeñeiro/a industrial ou equivalente, como director de proxecto, con formación de carácter técnico no eido enerxético e cunha experiencia mínima de cinco anos na realización de estudos/auditorías/proxectos de eficiencia enerxética.
- Dous enxeñeiros técnicos/superiores ou licenciados/ diplomados con formación de carácter técnico no eido enerxético e cunha experiencia



mínima de dous anos na realización de estudos/auditorías/proxectos de eficiencia enerxética.

Como mínimo un membro do persoal proposto deberá ter formación en sistemas de xestión da enerxía segundo a ISO 50001 e experiencia demostrable na realización de auditorías internas e/ou externas de sistemas de xestión conforme os requisitos da norma ISO 50001.

e) Disposición común as empresas estranxeiras (comunitarias e non comunitarias).

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de someterse á xurisdición de tribunais e xulgados españois de calquera orde para todas as incidencias que de xeito directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia no seu caso ao foro xurisdicional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitador, tal como establece o artigo 146.1.e) do TRLCSP.

f) Unións temporais de empresas.

Os empresarios que concorran á licitación en unión temporal constituída ao efecto deberán indicar os nomes e circunstancias de cada un deles, porcentaxe de participación, representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo e compromiso de constituírse formalmente en escritura pública, antes da formalización do contrato, no caso de que resultaran adxudicatarios do contrato, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

g) Declaración de empresas vinculadas.

No suposto de que distintas empresas vinculadas, conforme ao establecido no artigo 145 do TRLCSP, concorran á licitación deberán presentar unha declaración indicando dita circunstancia así como a razón social de todas as empresas pertencentes ao mesmo grupo que participan no procedemento de contratación.

h) Rexistro oficial de licitadores.

Os licitadores que se encontren inscritos en algún rexistro oficial, poderán presentar a correspondente certificación da inscrición, quedando dispensados de presentar os documentos que consten no rexistro oficial.



i) Índice de documentos.

Dentro do sobre, en folio independente, incluírase un índice enunciando os documentos que o integran.

De conformidade co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, a documentación a que se refire o apartado 1 do referido artigo, que se debe presentar no Sobre A: "Documentación", poderá ser substituída por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, conforme ao modelo que se incorpora como anexo I do presente Prego.

En tal caso, o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

SOBRE "B", titulado "Referencias Técnicas", incluírá a documentación que permita valorar a proposición de acordo cos criterios que dependen dun xuízo de valor, que consiste nunha Memoria técnica dos traballos a realizar.

O licitador presentará unha memoria técnica dos traballos a realizar na que, de forma clara e concisa, expoña a súa proposta sobre o contido e desenvolvemento destes (metodoloxía), de maneira que poda coñecerse o alcance dos traballos e demostre o coñecemento da zona e a problemática do traballo a realizar. Dita memoria proporá o seu desenrolo, ampliación ou concreción en todos aqueles aspectos que o licitador considere de interese para cumprimentar mellor os obxectivos do traballo.

Na memoria, que se presentará nun documento non superior a 25 páxinas, por unha sola cara, incluídos os planos, recollerase a solución proposta que permita:

- Reducir o consumo de enerxía eléctrica no alumeadado público, que permita o cumprimento dos resultados enerxéticos establecidos na Resolución do IDEA de 20/12/2016, que se incorpora como anexo II ao presente Prego, dando cumprimento aos obxectivos previstos na mesma.
- Regular os niveis de iluminación conforme aos diferentes horarios nocturnos e tipos de vías, axustándose ás necesidades da cidadanía.
- Axeitar as instalacións existentes aos preceptos establecidos no Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de alumeadado exterior e no Regulamento



electrotécnico para baixa tensión, analizándoo desde o punto de vista técnico, formal e estético.

- Describir e analizar a problemática que poda acontecer e condicionar o programa inicial, así como avanzar criterios de intervención conformes aos determinantes de emprazamento e urbanísticos do sistema viario de Teo.

- Avanzar un orzamento en base a módulo estimados de experiencias similares.

Así mesmo, na memoria incluírase un programa de traballo, que conterà a formulación xeral do programa de accións a desenrolar para o cumprimento do obxecto deste contrato, con expresión clara da súa periodicidade, descrición detallada da documentación a presentar en cada fase, grado de participación e responsabilidade dos compoñentes do equipo en cada unha das accións, así como a proposta de coordinación co persoal técnico municipal que se designe ao efecto.

SOBRE “C”, titulado “Proposición económica e documentación avaliable de forma automática”: incluírá:

- a) Oferta económica, na que se expresará o prezo de execución do contrato, e que deberá formularse de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da entidade _____, con CIF n.º _____, e domicilio en _____, enterado do expediente para a contratación do servizo de ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DE TEO, mediante procedemento aberto, varios criterios de valoración, fago constar que coñezo os Pregos que serven de base ao contrato, que acepto integramente, e tomo parte na licitación comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de: _____ €, mais _____ € de IVE, total _____ €, IVE engadido.

En _____, a _____ de _____ de 20____

Sinatura do licitador,

Asdo. _____».



- **b)** Documentación acreditativa das instalacións nas que se prestará o servizo da oficina de dirección facultativa das obras, indicando a súa distancia en quilómetros á Ramallosa (Concello de Teo).

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa, atenderase aos criterios que se indican a continuación

- a) **Criterios avaliados de forma automática:** Estes criterios valoraranse de xeito automático, ata un máximo de 60 puntos, da seguinte forma:

- Oferta económica (prezo): ata un máximo de 40 puntos.

A valoración da oferta económica realizarase de acordo coa fórmula xeral de valoración de ofertas elaborado pola facultade de matemáticas, aprobada pola Deputación Provincial da Coruña para a valoración de ofertas de plans provinciais, (publicada no BOP da Coruña, nº 3 de 7 de xaneiro de 2016), que se incorpora como anexo III ao presente Prego.

Proximidade da oficina de dirección facultativa das obras, ata un máximo de 20 puntos.

A valoración deste apartado realizarase en función da distancia existente entre a Ramallosa (Concello de Teo) e o lugar no que se atope a oficina da dirección facultativa das obras, e distribuirase da seguinte forma:

A 20 ou menos quilómetros de distancia, 20 puntos.

Entre 21 e 70 quilómetros de distancia, 15 puntos

Entre 71 e 150 quilómetros de distancia, 10 puntos.

A máis de 150 quilómetros de distancia, 5 puntos.

- b) **Criterios que dependen dun xuízo de valor:** Estes criterios, que non serán avaliados de forma automática, valoraranse ata un máximo de 40 puntos, da seguinte forma:

- Memoria técnica dos traballos a realizar: ata 40 puntos.

Terase en conta á hora de valorar a Memoria os seguintes aspectos



- Grado de definición das solucións expresadas e coherencia coas esixencias do IDAE, de 0 a 25 puntos.
- Claridade expositiva das distintas fases na que se desenrolará o traballo, de 0 a 10 puntos.
- Coñecemento da realidade territorial e a súa problemática, de 0 a 5 puntos.

10.- MESA DE CONTRATACION

A Mesa de Contratación estará constituída do seguinte modo:

- Presidente: D. Rafael C. Sisto Edreira, alcalde do Concello ou concelleiro en quen delegue.
- Vogais:
 - D.^a Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello de Teo.
 - D.^a Mónica Lado Varela, interventora do concello de Teo.
 - D. Ignacio Soto González, arquitecto municipal do concello de Teo.
 - D.^a Uxía Lemus de la Iglesia, concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade.
 - Un/ha concelleiro/a designado/a polo grupo municipal do PP.
- Secretaria: D.^a M.^a Pilar Sueiro Castro, adxunta a secretaria.

Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as substitúan, a concelleira de urbanismo, vivenda e sostibilidade por Roberto Moñino Gil, concelleiro de infraestruturas, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal Luís Javier Castro Martínez e o/a concelleiro/a do grupo municipal do PP, por outro/a concelleiro/a do mesmo grupo, a secretaria da mesa será substituída por D. Jesús Naveira Vázquez, xefe dos servizos administrativos.

11.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PROPOSICIÓN

A apertura de proposicións deberá realizarse no prazo máximo de un mes, dende o remate do prazo de presentación de proposicións, previamente, a mesa de contratación



deberá proceder á apertura dos sobres A, e cualificación da documentación administrativa das proposicións presentadas.

A mesa de contratación poderá conceder un prazo, non superior a tres días naturais, para que os licitadores poidan corrixir os defectos ou omisións emendables da documentación presentada.

O requirimento para a emenda da documentación presentada realizarase a través do correo electrónico, telefax, ou calquera outro medio que permita deixar constancia da súa recepción polo interesado.

A mesa de contratación procederá á apertura dos sobres B, “Referencias Técnicas”, e sobres C “Proposición económica e documentación avaliable de forma automática”, en acto público, ao que serán convocados os licitadores a través do perfil do contratante do Concello.

A apertura dos sobres B deberá realizarse no prazo non superior a sete días dende a cualificación da documentación, debendo a mesa de contratación fixar a data de apertura dos sobres C.

Para a valoración dos sobres B, a mesa de contratación poderá solicitar os informes que considere necesarios.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A mesa de contratación, unha vez valoradas as ofertas, formulará proposta de adxudicación a favor da proposta que resulte mais vantaxosa, que elevará ao órgano de contratación acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións.

Dita proposta non crea dereito algún en favor do licitador proposto fronte á administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta da mesa deberá motivar a súa decisión.



12.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e admitidas á licitación, que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais de acordo co establecido nos artigos 151 e 152 do TRLCSP, e requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente mais vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

No suposto de que o licitador fixera uso do previsto no artigo 146.4 do TRLCSP, e presentara unha declaración responsable, en substitución da documentación do sobre A, deberá acreditar a posesión e validez da documentación esixida no Prego.

De non cumprimentarse o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

13.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O adxudicatario constituíra a garantía definitiva, en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP, por importe do 5% do presuposto de adxudicación do contrato, de conformidade co disposto no artigo 95.1 do TRLCSP.

A garantía non será cancelada ata que estea cumprido o contrato satisfactoriamente e teña transcorrido o prazo de garantía.

14. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación presentada polo licitador.

En ningún caso poderá declarase deserta unha licitación cando exista algunha proposición que sexa admisible de acordo co establecido no Prego.

O acordo de adxudicación deberá ser motivada e notificarse aos licitadores, publicándose simultaneamente no perfil do contratante do Concello, de acordo co disposto no artigo 151.4 do TRLCSP.



A notificación deberá conter a información necesaria que permita aos licitadores excluídos ou candidatos descartados interpor recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación.

15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

De conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, o contrato deberá formalizarse en documento administrativo, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os gastos que ocasione.

De conformidade co establecido no apartado 3 do citado artigo 156, e considerando que o contrato non é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización do contrato en documento administrativo deberá efectuarse dentro dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación polos licitadores.

16. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego e no contrato, adscribindo á execución do contrato os medios materiais e persoais ofertados polo contratista adxudicatario, e seguindo as directrices do departamento de urbanismo do Concello, a estes efectos a administración designará un responsable do contrato que se encargará de supervisar a súa execución e adoptar as decisións necesaria para asegurar a correcta prestación do servizo.

O persoal que interveña na prestación do servizo dependerá exclusivamente do adxudicatario, sen que o Concello teña responsabilidade algunha sobre o mesmo.

17. OBRIGAS DO CONTRATISTA.

O contratista será responsable da calidade do servizo e está obrigado a cumprir todas as obrigas que se deriven do contrato, con estrita suxeición aos mesmos, así como a



normativa vixente en materia fiscal, laboral, de seguridade social e de prevención e riscos laborais.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera xénero ocorrido ós traballadores con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance en modo algún ó Concello.

O contratista e persoal ao seu servizo teñen a obriga de custodiar a información e documentación á que teñan acceso e gardar sxiilo respecto dos datos que coñezan con motivo da execución do contrato. A estes efectos o contratista deberá formar e informar ao persoal das obrigas derivadas da lexislación de protección de datos de carácter persoal de xeito que queden garantidos os dereitos establecidos na citada lexislación.

O Adxudicatario estará obrigado a pagar os tódolos impostos, taxas e prezos públicos aplicables ó contrato ou, no seu caso, sobre o obxecto do contrato.

O adxudicatario deberá designar un representante da empresa, que se encargará da boa marcha do servizo e que será o interlocutor co Concello, e que deberá manter as reunións que sexan precisas cos responsables do contrato nomeados pola administración, para coordinar os traballos obxecto do mesmo.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenrole e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Para os casos nos que o orzamento da execución da obra prevista no proxecto se desviase máis dun 10%, tanto por exceso como por defecto, do custo real da mesma como consecuencia de erros ou omisións imputables ao redactor do proxecto, fíxase o seguinte sistema de indemnizacións, consistente nunha minoración do prezo do contrato de elaboración do proxecto, en función da porcentaxe de desviación:

- a) No suposto de que desviación sexa máis do 10% e menos do 20%, a indemnización correspondente será do 20% do prezo do contrato.
- b) No suposto de que a desviación sexa máis do 20% e menos do 40%, a indemnización correspondente será do 40% do prezo do contrato.



c) No suposto de que a desviación sexa máis do 40 %, a indemnización correspondente será do 50% do prezo do contrato.

O contratista deberá abonar o importe de dita indemnización no prazo dun mes a partir da notificación da resolución correspondente, que se adoptará previa tramitación de expediente con audiencia ao interesado.

Así mesmo, o contratista responderá dos danos e prexuízos que durante a execución das obras se causen tanto á Administración como a terceiros por defectos ou insuficiencia técnica do proxecto ou por erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que el mesmo incurrise, imputables a aquel.

A indemnización derivada da responsabilidade esixible ao contratista alcanzará o 50% do importe dos danos e prexuízos causados ata un límite máximo de cinco veces o prezo pactado polo proxecto e será esixible dentro do termo de dez anos contados desde a recepción do mesmo, sendo a cargo da Administración, no seu caso, o resto de dita indemnización cando deba ser satisfeita a terceiros.

Serán gastos a satisfacer polo Contratista, entre outros, os seguintes:

- Os que se requiran para a obtención de autorizacións, licenzas e recollida de documentos ou calquera outra información de organizamos ou particulares.
- Os correspondentes a probas, ensaios de materiais, envío e recollida de documentación e, en xeral, a cantos traballos e informes sexan necesarios para o cumprimento dos fins do contrato, así como para a súa comprobación.
- Os impostos, dereitos, visados, taxas, compensacións e demais gravames e exaccións que resultan de aplicación conforme as disposicións vixentes con ocasión ou como consecuencia do contrato ou da súa execución.
- Os gastos para a realización de contrato, como por exemplo, financeiros, seguros, transportes, desprazamentos

O contratista terá en todo momento a obriga de obedecer as ordes e instrución que por escrito, lle sexan ditadas polo persoal designado para o seguimento dos traballos, tanto na realización dos mesmos como na forma de execución.



Todos os documentos que se elaboren e os traballos que se executen para a execución do presente contrato, en calquera das súas fases, serán da exclusiva propiedade da entidade contratante.

O contratista non poderá utilizar para si nin proporcionar a terceiros datos algún dos traballos contratados, nin publicar, total ou parcialmente, o contido dos mesmos sen autorización escrita da entidade contratante. En todo caso, o contratista será responsable dos danos e prexuízos que se deriven do incumprimento deste obriga.

Igualmente, a entidade contratante resérvase en exclusiva o dereito de explotación dos traballos encomendados ao adxudicatario ao que queda prohibido calquera tipo de explotación. Unicamente para o suposto de mediar acordo entre as partes, poderá autorizarse a explotación ao adxudicatario e só nos termos que se conveñan.

18. DEREITOS DO CONTRATISTA.

O contratista ten dereito a que se lle abone a prestación realizada de acordo co establecidos no presente Prego, e nos termos que recolle o artigo 216 do TRLCSP. Así mesmo terá dereito a transmitir os dereitos de cobro de acordo co disposto no artigo 218 do referido Texto legal.

19. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

Corresponde ao órgano de contratación interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, así como acordar a súa modificación por razóns de interese público ou resolvelo determinando os efectos da resolución.

En caso de incumprimento do contrato ou dos prazos establecidos no mesmo por causas imputables ó adxudicatario, o órgano de contratación poderá optar indistintamente por declarar resolto o contrato, con perda da garantía ou impoñer ó adxudicatario penalidades de acordo co establecido no artigo 212 do TRLCSP.

Os importes das penalidades faranse efectivos mediante a dedución dos mesmos da facturación que se produza, en todo caso a garantía responderá da efectividade de aquelas.



20. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

O Concello poderá modificar o contrato por razóns de interese público, e para atender a causas imprevistas, sempre que non afecten as condicións esenciais do mesmo e xustificando debidamente a súa necesidade no expediente, de conformidade co establecido no artigo 219 do TRLCSP. As modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP.

21. RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos establecidos no artigo 223 e 308 do TRLCSP, sendo acordadas polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do adxudicatario, e cos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP:

Considerarase que existe incumprimento das obrigas esenciais, de acordo co artigo 223.f) do TRLCSP, cando se incumpra o compromiso de dedicar os medios materiais e persoais suficientes para a execución do contrato, así como obstaculizar as facultades de dirección e inspección do servizo ou o incumprimento da obriga de custodiar a información e documentación á que teñan acceso e gardar sixelo respecto dos datos que coñezan con motivo da execución do contrato.

22. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

O contrato terá carácter administrativo e seranlle de aplicación as normas contidas relativas á contratación administrativa e de dereito administrativo, sendo competencia da xurisdición contencioso administrativa para coñecer das cuestións litixiosas que xurdan entre as partes en relación coa súa preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción, de conformidade co establecido no artigo 21 do TRLCSP, sen prexuízo das previsións establecidas no artigo 40 e seguintes do TRLCSP, respecto do recurso especial en materia de contratación.

Teo, 7 de marzo de 2017

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

"D..... Con DNI e domicilio enprovincia de..... rúa nº..... (en nome propio ou en representación da empresa....., CIF con domicilio en) á que representa no procedemento de adxudicación do contrato do servizo de ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DE TEO

DECLARA:

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incursos en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento están incursos en causa de incompatibilidade de acordo coa lexislación vixente.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que a entidade conta coa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional requirida.
- Que a entidade, no seu caso, atópase inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº _____)
- Rexistro Xeneral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)



- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

Non pertence a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.

Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

a)

b),

Así mesmo

AUTORIZO ao órgano de contratación a obter os datos que obren en poder da administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMETOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

En, a de de

O licitador

Asdo:.....”

ANEXO II

RESOLUCIÓN DO IDEA DE 20/12/2016

ANEXO III

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- Pe : prazo de execución do contrato ou concurso (en días naturais),
- n : número de ofertas ou empresas,
- O_1, O_2, \dots, O_n : valor das n ofertas,
- R_1, R_2, \dots, R_n : redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- B_1, B_2, \dots, B_n : baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \dots, n$),
- B_m : baixa absoluta media ($B_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n B_i = P - O_m$),
- b_1, b_2, \dots, b_n : baixas porcentuais con respecto a P ($b_i = \frac{B_i}{P} \times 100, i = 1, \dots, n$),
- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i = \frac{B_m}{P} \times 100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración económica de acordo coas ofertas presentadas,
- $V_{r_{max}}$: máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentadas,
- W_i : valoración económica previa da oferta i -ésima entre 0 e $W_{max}, i = 1, \dots, n$,

- V_i : valoración económica final da oferta i -ésima entre 0 e V_{max} , $i = 1, \dots, n$,
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i = 1, \dots, n$.

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as baixas b_i son iguais ou maiores que cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, polo tanto, non admisibles), suponse que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores que cero e menores que o prazo de execución Pe .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coas ofertas presentadas

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}.$$

2.2. Valoración previa entre 0 e W_{max}

Unha puntuación inicial W_i da oferta i -ésima calcúlase por interpolación a cachos do xeito seguinte (ver a figura 1):

- Se $b_i \leq b_m$ (oferta entre o prezo licitación –baixa nula- e a oferta media) entón a súa valoración é proporcional entre os valores 0 e $\frac{8W_{max}}{10}$:

$$W_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i,$$

- Se $b_i > b_m$ (baixa superior a baixa media) entón a súa valoración é proporcional entre $\frac{8W_{max}}{10}$ e W_{max} :

$$W_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)} (b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10}.$$

2.3. Valoración final entre 0 e V_{max}

En xeral, as puntuacións iniciais anteriores resultan moi pequenas, sobre todo cando as ofertas son moi iguais. Polo tanto, as baixas non terían moito peso na adxudicación dos contratos ou concursos. Proponse unha alternativa de reescalado das valoracións previas para trasladar as puntuacións ao intervalo $[0, V_{max}]$, sumando a cada valoración previa unha cantidade S quasi-proporcional á baixa:

- Se $b_{max} \leq 20$: $S = (V_{max} - W_{max}) \frac{b_{max}}{20}$,
- Se $b_{max} \geq 20$: $S = V_{max} - W_{max}$.

A valoración final das ofertas obtense agora do xeito seguinte (figura 1):

$$V_i = W_i + S \frac{b_i}{b_{max}}, \quad i = 1, \dots, n.$$

Nótese que a puntuación máxima V_{max} só se atinxe se a baixa máxima (b_{max}) e igual ou superior ao 20% (figura 2).

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \dots = b_n = b_m = b_{max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por eso, propoñemos dar unha puntuación nula a tódalas ofertas sempre que $b_{max} \leq 10^{-6}$.

2.4. Fórmula completa para valoración de ofertas

1. Definición de W_{max} :

$$W_{max} = \frac{b_{max} - b_{min}}{100} V_{max}.$$

2. Definición de S :

- Se $b_{max} \leq 20$: $S = (V_{max} - W_{max}) \frac{b_{max}}{20}$,
- Se $b_{max} \geq 20$: $S = V_{max} - W_{max}$.

3. Valoración das ofertas cando $b_{max} > 10^{-6}$. Para $i = 1, \dots, n$:

- Se $b_i \leq b_m$ entón

$$V_i = \frac{8W_{max}}{10b_m} b_i + S \frac{b_i}{b_{max}},$$

- Se $b_i > b_m$ entón

$$V_i = \frac{2W_{max}}{10(b_{max} - b_m)} (b_i - b_m) + \frac{8W_{max}}{10} + S \frac{b_i}{b_{max}}.$$

4. Valoración das ofertas cando $b_{max} \leq 10^{-6}$:

- Para $i = 1, \dots, n$: $V_i = 0$.




Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} < 20$.




Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} > 20$.